



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Traballo de Fin de Grao | | | |
| Código | P02G050V01991 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego Inglés | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación | | | |
| Coordinador/a | Martínez Figueira, María Esther | | | |
| Profesorado | Martínez Figueira, María Esther | | | |
| Correo-e | esthermf@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O Traballo Fin de Grao consiste no desenvolvemento autónomo por parte do estudante dun proxecto baixo a dirección dun profesor/a titor/a, cuxa realización ten a finalidade de favorecer que o estudante integre as ensinanzas recibidas durante os estudos e asegurar a adquisición das competencias propias da titulación. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| B13 | Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional. |
| B14 | Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións. |
| B21 | Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas. |
| B23 | Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade. |
| B25 | Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo. |
| B26 | Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma. |
| C1 | Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas |
| C2 | Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica de actividade física e deporte entre a poboación escolar |
| C3 | Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, na proposta de tarefas nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte |
| C4 | Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares debido á práctica de actividades físicas inadecuadas |
| C17 | Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físico-deportivas orientada á saúde |
| C18 | Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado, para cada tipo de actividade que practique a poboación de adultos, maiores e discapacitados |
| C20 | Capacidade para administrar os servizos deportivos públicos e privados |
| C21 | Capacidade para deseñar o programa de funcionamento das instalacións deportivas e seleccionar o material e equipamento deportivo adecuado |
| C22 | Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional |
| C24 | Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade físico-deportiva recreativa, con atención ás características individuais e contextuais das persoas |
| C26 | Capacidade para seleccionar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva recreativa |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|---|
| 1. Coñecementos sobre os modos de presentación do traballo técnico-científico. | B13 B21 B23 B25 B26 | C1 C4 C17 C18 C20 C24 |
| 2. Coñecemento dos modos de inserción do Traballo Fin de Grao no ámbito profesional. | B14 B21 | C1 C2 C3 C4 C17 C20 C22 C26 |
| 3. Coñecemento dos modos de escritura relacionados coa realización, exhibición e presentación dos proxectos técnicos-profesionais e a súa elaboración. | B23 B25 B26 | C1 C2 C3 C4 C20 C21 C26 |
| 4. Capacidade para a procura, análise e incorporación da información necesaria para a elaboración dun proxecto técnico-profesional | B23 B25 B26 | C1 C2 C17 C18 C20 C21 C22 C24 C26 |

Contidos

Tema

Elaboración de una planificación adecuada a la realidad técnico-profesional de alguno de los ámbitos profesionales vinculados al Grado. Elaboración e desenrolo dun TFG.

Presentación e defensa do traballo elaborado. Presentación do TFG.
Defensa do TFG.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Traballo tutelado | 0 | 125 | 125 |
| Presentación | 0 | 16 | 16 |
| Titoría en grupo | 4 | 0 | 4 |
| Lección maxistral | 4 | 0 | 4 |
| Traballo | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

| | |
|-------------------|--|
| Traballo tutelado | <p>SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN E DEFENSA DO TFG.</p> <p>1. O alumno/a solicitará a presentación e avaliación do TFG co visto e prace do seu respectivo titor/a académico.</p> <p>2. A solicitude de presentación, dirixida á Comisión de Coordinación Académica, deberá ir acompañada da versión escrita e electrónica do TFG por cuádruplicado co visto e prace do titor/a académico. Poderá achegarse a documentación ou material adicional que se estime oportuno para que sexa tomada en consideración polo Tribunal avaliador. A FCED porá ao dispor do alumnado unhas orientacións académicas e de estilo para a presentación escrita da memoria do TFG.</p> <p>3. A efectos de avaliación, o titor/a académico emitirá un informe no que valorará (de 0 a 3 puntos) o labor realizado pola alumna/o durante o período de elaboración do TFG. Este informe acompañará a documentación referida no punto 2. Os criterios de avaliación ficarán recollidos na guía docente da materia.</p> <p>4. En atención ás solicitudes presentadas, a Comisión establecerá, de acordo co Tribunal avaliador, e publicará a orde para a celebración do acto de presentación pública do TFG. Polo menos, fixarase unha data na convocatoria ordinaria de xuño e outra na extraordinaria de xullo.</p> |
| Presentación | <p>ACTO DE PRESENTACIÓN E DEFENSA PÚBLICA DO TFG.</p> <p>1. O acto de presentación será realizado polo alumno/a en sesión pública na data e hora asignada. De maneira excepcional, a Comisión de Coordinación Académica poderá aprobar outra modalidade, previa solicitude formal e motivada do alumno/a e sempre que sexa posible.</p> <p>2. O alumno/a exporá nun tempo máximo de quince minutos un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, sen superar os trinta minutos, os membros do Tribunal avaliador realizarán as observacións e consideracións oportunas.</p> |
| Titoría en grupo | O titor poderá establecer titorías grupais para dar as indicacións xerais para cada fase do traballo |
| Lección maxistral | Existirán titorías en pequeno grupo para expoñer toda a reglamentación relativa ó TFG |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|---|
| Traballo tutelado | Traballos asociados ao desenvolvemento do traballo fin de grao |
| Probas | Descrición |
| Traballo | Traballos e proxectos que complementen a formación para o desenvolvemento do traballo fin de grao |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|-------------------|---|---------------|--|---|
| Traballo tutelado | O profesor fará unha avaliación continua do traballo do alumno. Antes da data 30 establecida para a presentación e defensa do TFG, o tribunal de avaliación terá o informe de valoración do director sobre o traballo realizado por parte do estudante cunha valoración parcial do mesmo. | 30 | B13 B14 B21 B23 B25 B26 | C1 C2 C3 C4 C17 C20 C21 C24 C26 |

| | | | | |
|----------|--|----|---------------------------------|--|
| Traballo | ACTO DE PRESENTACIÓN E DEFENSA PÚBLICA DO TFG. 1. O acto de presentación será realizado polo alumno/a en sesión pública na data e hora asignada. De maneira excepcional, a Comisión de Coordinación Académica poderá aprobar outra modalidade, previa solicitude formal e motivada do alumno/a e sempre que sexa posible. 2. O alumno/a exporá nun tempo máximo de quince minutos un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, sen superar os trinta minutos, os membros do Tribunal avaliador realizarán as observacións e consideracións oportunas. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO TFG. 1. Celebrado o acto de presentación pública do TFG, o Tribunal avaliador deliberará sobre a cualificación tomando en consideración o informe emitido polo titor académico, a calidade do contido do TFG, así como a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do alumno/a. 2. A cualificación será a suma ponderada da cualificación do Tribunal (de 0 a 7 puntos) mais a valoración do titor (de 0 a 3 puntos). A valoración do Tribunal será a media aritmética das notas atribuídas por cada un dos seus membros. Neste punto o Tribunal rexerá polo disposto nas Normas de Xestión Académica para as titulacións de Grao regulados polo Real Decreto 1393/2007 vixentes na Universidade de Vigo. 3. As deliberacións do Tribunal para cualificar o TFG serán a porta pechada. Unha vez finalizado o acto de defensa, o tribunal fará pública a cualificación. 4. Ao remate da avaliación e cualificación da totalidade dos TFG do grado, o Tribunal avaliador poderá conceder mencións de matrícula de honra de conformidade coa normativa. | 70 | B13 B21 B23 B25 B26 | C3 C4 C18 C20 C21 C22 C24 C26 |
|----------|--|----|---------------------------------|--|

Outros comentarios sobre a Avaliación

A calificación será a suma ponderada da calificación do Tribunal (70%) máis a valoración do titor/a (30%). A valoración do Tribunal será o promedio aritmético das notas atribuídas por cada un dos seus membros.

O TFG debe ser un traballo persoal no que se constrúa un discurso propio. Cando se utilicen ideas ou palabras doutra autoría acreditarase explicitamente a súa orixe.

Aqueles estudantes que non superen o TFG na avaliación do segundo cuatrimestre poderán presentarse á segunda convocatoria no mes de xullo.

As datas de entrega da memoria e da defensa do TFG serán publicadas con antelación suficiente na web da Facultade: <http://fcced.uvigo.es/gl/>

No caso de obter a cualificación de suspenso, ben sexa na primeira ou segunda convocatoria, o tribunal fará chegar un informe coas recomendacións oportunas ao estudante e ao/o titor/a para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación.

Conforme a normativa vixente, con independencia de ser estudantes asistentes como non asistentes, o alumnado disfrutará de condicións equivalentes de avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cordón, J.A.; López, J.; Vaquero, J., **Manual de investigación bibliográfica y documental**, Piramide, 2001

Gutiérrez Dávila, Marcos, **Metodología de las Ciencias del Deporte**, Síntesis, 2005

Reglamento de Trabajo de Fin de Grao da Universidade de Vigo,

Normativa de Trabajo de Fin de Grao da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.,

Bibliografía Complementaria

Jurado Rojas, Yolanda, **Técnicas de investigación documental: manual para la elaboración de tesis, monografías, ensayos e informes académicos**, Thompson, 2002

Recomendacións

Outros comentarios

Ter en conta a normativa propia de TFG da Universidade de Vigo e da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.